

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2021

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 20 de maio de 2021.
2. Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2021/2022.
3. Validar as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2021/2022.
4. Validar o Informe de recertificación do Sistema de garantía de calidade e delegar na vicedecana de calidade a competencia para corrixir os erros non substanciais que se poidan detectar.
5. Validar a actualización do Plan de Melloras do Centro.
6. Validar o programa e data de celebración das Xornadas de acollida do Grao en Dereito e Mestrado Universitario en Avogacía e do Curso 3.5 correspondentes ao curso académico 2021-22.
7. Organizar unha nova edición do Curso de Actualización Xurídica para o vindeiro curso 2021/2022.
8. Organizar unha nova edición da Feira e do Foro de emprego xurídico para o curso académico 2021/2022, se a situación epidemiolóxica o permite.
9. Validar as seguintes propostas de gastos:
 - Renovación da pintura nas aulas donde se instalaron os monitores interactivos.
 - Adaptación da entrada aos despachos do quinto andar, automatización de portas e cerrar a terraza.
 - Instalación de equipamento inalámbrico para docencia en liña na sala onde se imparte o Mestrado universitario en avogacía.
 - Fixar un importe máximo de 600€ por área de coñecemento xurídica e por ano natural con cargo ao orzamento do centro como axuda para a organización de congresos abertos ao público en xeral, que teñan repercusión na visibilidade da Facultade. A axuda só poderá destinarse a cubrir algún dos seguintes gastos: publicidade, elaboración dunha páxina web e o abono de relatorios ou de desprazamentos. No caso de que a solicitude de axuda presente dúbidas en relación coa entidade do congreso ou cos gastos ou a contía solicitados, a petición será valorada na Comisión de Calidade.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 8 de xullo de 2021, se publicaron no taboleiro de anuncios e na web do centro o día 12 de xullo de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es